

Ca. 1920. Porto de Massó. Ángeles e Amalia Bolíbar Sequeiros  
con Jaime e Enrique Massó Bolívar.  
Arq. Museo Massó. Bueu (Pontevedra).

### POR PATRIA UNHA PRAIA

Eu fun dos que nacín á beira da praia, da Praia-Praia, –¡vaia, vaia!, así con maiúsculas– que en Bueu é a que que fica ao carón da Casa do Mar, entre as da Banda do Río e Pescadoira, que tamén son praias, pero esas non foron a patria da miña infancia porque servidor, saíban vostedes, é dos que teñen por patria unha praia.

Dende que teño conciencia de min e inda até o de hoxe, bastaba e basta atravesar a rúa Montero Ríos, número 73, para poñer os pés enriba da area e sentir as cóxegas da súa quentura pero, daquela, e falo dos anos 60, é dicir, remóntome ao século pasado, isto de ir á praia non era tan doado para os nenos da época coma para os de hoxendía, ou polo menos non o foi para mí. Cando asomaba o narís o verán, non antes do corenta de maio, miña nai tíñame expresamente prohibido ir á praia, isto é, cruzar a rúa polas tardes; mentres que, polas mañáns, si que me daba licenza, mais a base de terme que levantar a iso das 8 ou 9 pra que me dese tempo de facer a dixestión. E, claro, os mais dos días non estaba un polo esforzo... Cousas de vellas, diredes, i é que miña nai pertence a unha xeración de mulleres para as que isto de deitarse na praia e deixarse esmaghar polo sol era cousa de señoritas como as que aparecen na fotografía, mentres as que eran coma ela, mulleres de mariñeiro, regateiras e/ou labregas, seascaso dábanse unha chapuzadura e listo: volta aos seus labores! Eis a razón pola que nunca aprendín a nadar; porque, pasados os anos, un crecía, ollaba para os amigos e, malia uns cantos intentos clandestinos, non conseguía endexamais saír a flote e, as más das veces, ficaba trasquilado, a piques de afogado, polas ondas que morren en beiramar.

Pero iso non se converteu en obstáculo para disfrutar da Praia-Praia cando nela bastaba con fozar un chisco cos pés ou as mans na area e atoparse co agasallo dun feixe de ameixas ou croques, cando nas rochas de Pescadoira abundaban os caramuxos, cando aprendín a vogar en gamela e facer a ruta Loureiro-Agrelo-Portomaior-Lapamán para envexa dos veraneantes e, xa coa adolescencia licenciada, achegarme ás bateas a pescar rinchas á liña ou celebrar unhas cantas queimadas noctámbulas ás agachadas.

Disque á infancia, á Patria, isto é, á Praia, sempre se acaba por volver dalgún xeito: física, psíquica, literaria ou metaforicamente... Nestas parvadas penso mentres paseo por unha praia que está xusto enfronte da miña, na outra beira da ría de Pontevedra. De cando en vez paro de andar, detéñome, ollo cara ao mar e dígome: alí está o horizonte... E axiña rectifico: alí están as orixes... E, xa que logo, conclúo: alí está a Praia, a miña Praia, principio e remate de todos cantos camiños da vida teño percorrido e, con permiso dos que xa non están, dos que inda penso que me faltan patrioticamente por percorrer.

Salvador Rodríguez Pastoriza (*A Praia*, 1963)